



**GUÍA PARA A RECOLLIDA DIFERENCIADA  
NO CONCELLO DE  
OUTEIRO DE REI**

Estimad@s veciñ@s:

Os datos sobre a recollida diferenciada de lixo no noso municipio indícanos que debemos facer un importante esforzo colectivo para mellorar a recollida selectiva. Este esforzo permitirá **reducir o elevado nivel de recursos económicos** destinados a tal fin (**239.377 euros no ano 2007**), mellorar a recollida selectiva de residuos e polo tanto a reciclaxe contribuíndo de forma directa ao coidado do medio ambiente e ao desenvolvemento sostible.

É preciso tomar conciencia de que se coidamos do medio ambiente, coidamos do noso patrimonio e benestar e por iso, sempre que sexa posible, **REDUZAMOS, REUTILICEMOS E RECICLEMOS** o lixo.

Para axudarte e informarte sobre a recollida selectiva e as boas prácticas ambientais, dende o Concello e coa axuda da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible temos elaborado esta guía para que na medida do posible vos aclare dúbidas e vos proporcione información sobre o tratamento de residuos.

José Pardo Lombao  
Alcalde do Concello de Outeiro de Rei



Para axudarnos neste proxecto o Concello de Outeiro Rei conta con numerosos contedores:



**XENÉRICO** **412** contedores



**AMARILLO** **37** contedores



**PAPEL** **46** contedores



**VIDRO** **43** contedores

**Botellas, latas e bricks, billóns de bolsas de plástico, restos de comida, roupa que se muda cada tempada, servilletas de papel, maquiñas de barbear descartables, o móbil, o computador, a lavadora que axiña terá que ser renovada...**

A capacidade da Natureza para nos proporcionar recursos e assimilar os nosos residuos é limitada.

## ÓNDE VAI TANTO LIXO?

Actualmente empréganse catro sistemas de tratamento ou eliminación:



## VERTEDOIRO CONTROLADO

É unha instalación que se acondiciona para almacenar **permanentemente** os residuos, ten que ser relativamente grande, e afastado de núcleos urbanos.

Non debe ter valor paisaxístico e o chan debe ser impermeábel, do contrario, impermeabilizaranse artificialmente.



## INCINERACIÓN



Nunha planta incineradora **quéimanse** a temperaturas altísimas, de xeito que, a maior parte convértese en gases e cinzas aínda que sempre quedan escouras de difícil eliminación que deben levarse a vertedoiros.

# COMPOSTAXE

Compostar é someter a materia orgánica a un proceso de transformación para obter **compost**, un **abono natural**.

O lixo diario xera un 40% de **materia orgánica** que pode ser reciclada e retornada á terra en forma de humus para as plantas e cultivos.

Deste xeito, contribúese á redución dos lixos que se levan a vertedoiros ou plantas de valorización.

## Cómo podo facer un compost na miña casa?

1º Preciso dun lugar para facer o compost. Existen moitos tipos :



2º Mesturar :

- **materiais secos** (follas secas, restos de poda, papel ...).
- **materiais húmidos** (mondas de pataca, pousos do café, herba recentemente cortada ...).

3º Manter a mestura húmida.

4º Airear de tempo en tempo a mestura.

De manter estas **4 regras** conseguirás un abono ideal para a túa leira, ao tempo que te desfás de subprodutos difíciles de empregar.



## RECOLLIDA SELECTIVA E RECICLAXE

Este tipo de tratamento baséase na separación en orixe dos residuos que se poden recuperar, clasificando estes para o seu posterior tratamento; as vantaxes de este sistema son evidentes xa que, deste xeito, se reincorpora unha maior parte de residuos ao ciclo de materiais sen necesidade de eliminalos.

### Sabes que é o punto verde?

É o símbolo mediante o cal, as empresas envasadoras adheridas a **Ecoembes**, identifican os envases dos seus produtos.

Mediante isto garántese que os residuos dos envases entran nun circuíto de reciclaxe ou outra forma de valorización e que non causarán un gran impacto ambiental até o final da súa vida útil.

Diferéncianse **tres grupos de envases** que presentan o **Punto Verde**:



**Plástico, latas e bricks**

**Cartón e papel**

**Vidro**

6

# 1

## QUE PODEMOS FACER NÓS?

Para xerar menos lixo, debemos, entre outras cousas:

Tratar de diminuír a cantidade de residuos: **Principio das “tres erres”.**

## R EDUCIR

Diminuír na orixe a cantidade de materiais, potencialmente residuos, da nosa actividade cotiá, por exemplo os produtos de usar e tirar e os produtos sobre-empaquetados.

## R EUTILIZAR

Aproveitar todas as posibilidades de uso dos produtos sen tiralos prematuramente, usándoos para unha fin igual ou diferente para a que foron deseñados, sen sufrir ningunha transformación, por exemplo, as bolsas de plástico poden ser empregadas como bolsa do lixo ou para irmos á compra.

## R ECICLAR

Recoller os residuos por separado para obter novos materiais e polo tanto novos produtos. Por exemplo, as botellas e botes de vidro que logo se poderán converter noutro tipo de produtos.

Outro aspecto importante sería

## E VITAR

Tratar de diminuír o consumo de produtos perigosos e danos para a saúde e o medio ambiente, e tratar de substituílos por outros máis ecolóxicos. Por exemplo, utilizar deterxentes sen sulfatos.

7

# 2

Facilitar a reciclaxe dos residuos producidos:

## Principio da separación en orixe.

Separar nos nosos fogares o lixo e depositalo nos contedores especialmente deseñados para a súa recollida é a base para iniciarmos na recuperación e na reciclaxe.


SABÍAS QUE ...?




É prioritario que adoptemos actitudes encamiñadas á redución, reciclaxe, reutilización e separación en orixe pero ademais debemos ser responsables dos desperdicios que xeramos.

8

# CONTEDOR AMARELO



**SI**



- .Botellas de plástico que contiveran alimentos (aceite vexetal, refrescos, auga, leite,...)
- .Botes de plástico de produtos de aseo ou hixiene (xel de baño,xabón líquido, lavalouzas...)
- .Latas de conservas e de refrescos
- .Bricks de leite, viño, zumes ...
- .Papel de aluminio
- .Bandexas de porexpan ou brancas
- .Redes de envoltiro de froitas ou verduras
- .Plástico film (plástico de cociña para envolver)
- .Bolsas de plástico

**NON**

- .Téxtiles e calzado
- .Baterías de coches
- .Xoguetes
- .Electrodomésticos
- .Biberóns
- .Luvas de goma
- .Utensilios de cociña
- .Caixas de froita
- .Balde de plástico
- .Pilas

9

## CONSELLO

Limpa os envases e esmágaos para reducires o seu volume antes de tiralos ao contedor. Outra recomendación é reutilizar as bolsas de plástico cantas veces sexa posible , e unha vez que non sexan útiles poden depositarse tamén no contedor amarelo.

Bota neste contedor todos os envases de plástico, latas e bricks que leven impreso o punto verde.

## SABÍAS QUE ...?



Coas latas de refresco recicladas pódense facer avións, bicicletas novas e tixolas. A enerxía que se aforra reciclando unha soa lata de aluminio pode facer funcionar o teu televisor durante 3 horas.



10

# CONTEDOR XENÉRICO



**SI**

- . Restos orgánicos
- . Cueiros, compresas
- . Papel e cartón manchado de graxas
- . Lámpadas
- . Espellos
- . Louza rota
- . Cintas de vídeo e de audio
- . Disquetes e discos compactos
- . Bolígrafos
- . Xoguetes de plástico

**NON**

- . Envases de plástico, latas e bricks
- . Envases de vidro
- . Papel e cartóns limpos

11

## CONSELLO

Separa ben os residuos antes de tiralos a este contedor xa que lle farás un gran favor ao medio ambiente. Ademais, podes usar os residuos orgánicos como fertilizante para o teu xardín tras o proceso da compostaxe.

## SABÍAS QUE ...?

3 toneladas de residuos non reciclables valorizados enerxeticamente permiten aforrar **1 tonelada de carbón**, e se fosen valorizados enerxeticamente todos os residuos non reciclables en Europa Occidental, poderíanse reducir á metade as importacións actuais de carbón e aforrar entre 10 e 14 millóns de toneladas equivalentes de petróleo.



12

# CONTEDOR VERDE



SI

## VIDRO

- . Botellas de vidro
- . Tarros de vidro
- . Frascos de conservas
- . Tarros de cosmética e perfumaría

NON

## CRISTAL

- .Parabrises de automóbiles
- .Lámpadas
- .Espellos
- .Cristais das fiestras
- .Tubos fluorescentes
- .Vasos (estes deben depositarse nos Puntos Limpos ou Centros de Recollida e Reciclaxe).

13

## CONSELLO

Non te esquezas de quitar os tapóns e as tapas dos botes e botellas, xa que non se poden reciclar co vidro.

Bota neste contedor todos os envases de plástico, latas e briks que leven impreso o punto verde.

## SABÍAS QUE ...?

Ca reciclaxe do vidro afórranse materias primas, enerxía e redúcese o número de vertedoiros incontrolados, a contaminación do aire e o consumo de agua.



O vidro pódese reciclar na súa totalidade tantas veces como se queira sen perder as súas propiedades. Ademais, reciclar unha soa botella pode **aforrar enerxía** dabondo para ter acesa unha lámpada de 100 vatios durante 4 horas.

14

# CONTEADOR AZUL



SI

NON

- Xornais e revistas
- Propaganda
- Caixas pequenas de cartón (galletas, deterxente...)
- Envases de cartón para ovos

- Bricks
- Cueiros
- Papeis sucios ou papeis encerados, metalizados ou plastificados

15

## CONSELLO

Antes de levar o papel branco a un centro de reciclaxe podes volver a utilizalo na casa, aproveitando os espazos en branco para tomares notas, faceres debuxos, etc. No caso de papeis variados como caixas de ovos, cereais, galletas, propaganda da caixa de correos, etc., non esquezas quitar as cintas adhesivas e pequenos plásticos que poidan conter.

## SABÍAS QUE...?



Comparado co papel branco obtido da madeira virxe, o papel resultante da reciclaxe consume un **44%** menos de enerxía, produce un **38%** menos de gases invernadoiro, un **41%** menos de emisión de partículas, un **50%** menos de augas residuais, un **49%** menos de lixo sólido e, o mellor de todo, deixa intacto o bosque.

16

# OUTROS RESIDUOS

## PILAS

Nunca se deben tirar ao cubo do lixo cos demais residuos.

As pilas alcalinas, as pilas botón e as recargables son as máis **perigosas** xa que conteñen materiais como o **mercurio** e o **cadmio** que son contaminantes moi perigosos xa que se estes elementos chegan a porse en contacto coa auga acumúlanse en organismos vivos como as plantas e peixes e poderían pasar ao home se consume estes produtos.

Lembra que unha soa pila pode contaminar ata 600.000 litros de auga **máis da que consumirías na túa vida!!**

### Que podes facer ti?

Introduce as pilas usadas nos **contedores de pilas** ou lévaas á tenda onde as mercaches, alí enviaranas a centros especializados para un correcto tratamento.

**Evita** comprar aparellos que precisen de pilas para o seu funcionamento.

**Reduce** o consumo de pilas empregando cando sexa posible a conexión á rede, se non é así, a mellor das opcións son as **pilas recargables** e unha vez rematada a súa vida útil deposítalas no seu contedor específico.

En Outeiro de Rei atoparán os referidos contedores no Concello, na Casa da Cultura, no Centro Médico, no CEIP "Laverde Ruiz" e nos establecementos de hostalaría.

17

## MEDICAMENTOS

O obxectivo deste sistema é aproveitar os medicamentos que temos na nosa casa que xa non nos fan falta ou que están caducados.

Debemos depositar as envalaxes e restos de medicamentos nos contedores especificamente dispostos naquelas **farmacias** que están adheridas a este sistema de recollida. Posteriormente, reciclaranse, e se for viable, serán usados por outras persoas que carecen de medios para mercalos.

Aparte de medicamentos tamén se aceptan leites infantís, vendas, gasas, esparadrapos etc.

Os laboratorios acollidos a este sistema deberán incluír nos seus envases o **símbolo SIGRE** para indicar que están xestionados de xeito correcto.

### SABÍAS QUE...?

A corrente xerada por cada pila é 450 veces máis cara que a xerada para a corrente eléctrica. Unha pila recargable pode substituír ate 300 descartables.



Os laboratorios poñen cada ano no mercado español, a través das 19.600 farmacias que existen no noso país, ao redor de 1.100 millóns de envases de produtos farmacéuticos, cun peso de 32.000 toneladas.

18

# FRECUENCIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE LIXO

## Contedor **Xenérico**

**LÓNS** Outeiro de Rei  
**MÉRCORES** Urbanizacións, Penelas (Robra)  
**VENRES** Naves de Ramil (Ambas beiras da N VI)

**LUNS** **N-VI Marxe esquerda, dirección Lugo:**  
**E** Matela, Folgueira, Cela, Taboi, Castelo, Vilela,  
**XOVES** Sobrada, Arcos, Aguiar San Lourenzo, Aguiar  
San Clodio, Paz, Mosteiro, Silvarrei, Sta.  
Mariña, Robra.

**MARTES** **N-VI Marxe dereita, dirección Lugo:** Gaioso  
**E** (Santiago), Gaioso (Santo Tomé), Candai,  
**VENRES** Francos, Aspai, Parada, Martul, Vicinte,  
Caboí, Silvarrei, Sta. Mariña, Robra, Guillar.

## Contedores

**Amarelo**

**Papel**

**Vidro**

Recóllense dúas veces ao mes.

### Plásticos dos silos

Recóllense o primeiro martes de cada mes. Deben deixarse ao carón do contedor habitual o día antes da súa recollida.

### Enseres

Recóllense o primeiro mércores de cada mes. Deben deixarse ao carón do contedor habitual o día antes da súa recollida.

### Coroas

Recóllense os lúns do contedor máis próximo á igrexa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible



Concello de Outeiro de Rei

Para calquera anomalía  
na recollida de lixo: **982 393 281**

GUÍA PARA A RECOLLIDA DIFERENCIADA  
NO CONCELLO DE  
OUTEIRO DE REI

